



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 1 de xuño de 2018

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D^a. Olga Alonso Suárez

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e corenta e cinco minutos do día un de xuño de dous mil dezaioito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(583).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(584).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO DE PROMOCIÓN DEPORTIVA DA VELA A TRAVÉS DA ORGANIZACIÓN DO CAMPIONATO DE EUROPA J-70 NA CIDADE DE VIGO. EXPTE.17182/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 23/05/18, e o informe de fiscalización de data 30/05/18, dáse conta do informe-proposta do 25/05/18, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo, o concelleiro-delegado de Deportes e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 17182/333 sobre o Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación provincial de Pontevedra para o desenvolvemento dun proxecto de promoción deportiva da vela a través da organización do Campionato de Europa j-70 na cidade de Vigo, e atendendo á solicitude remitida pola Deputación de Pontevedra en relación á modificación da aplicación orzamentaria contra a que realizárase o pagamento da subvención, establecida na cláusula segunda do convenio, procédese á modificación da dita cláusula tal como a continuación se detalla:

SEGUNDA.- FINANCIAMENTO DO CONVENIO

O importe ao que se refire o presente convenio, atende as actuacións dos proxectos contemplados para o ano 2018, o cal ascende á cantidade total de CINCUENTA MIL EUROS (50.000,00 euros) que se distribuirán do seguinte xeito:

1.- A Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a achegar, para a execución dos proxectos deportivos correspondentes ao ano 2018, a contía de VINTE CINCO MIL EUROS (25.000,00 euros).

A financiación comprometida pola Deputación Provincial de Pontevedra terá carácter definitiva consonte á táboa que se inxire a continuación:

| Investimento | Exercicio 2018 |
|--------------------------------------------------------|-----------------------|
| Achega da Deputación de Pontevedra ao Concello de Vigo | 25.000,00 € |
| TOTAL | 25.000,00 € |

O pagamento da anualidade do 2018 realizarase contra a aplicación 18/942.9420.762.14 do orzamento provincial- Concellos-Investmentos en Convenios.

2.- O Concello de Vigo obrígase a achegar a contía de VINTE CINCO MIL EUROS (25.000,00€), desagregados da forma seguinte:

| Concepto | Exercicio 2018 |
|------------------------------------|-----------------------|
| CAMPIONATO DE EUROPA DE J70 - 2018 | 25.000,00 € |



Concello de Vigo

A tal fin e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, o Concello de Vigo comprométese a dotar crédito nas aplicacións correspondentes. O pagamento da anualidade correspondente ao exercicio 2018 realizarase contra a seguinte aplicación orzamentaria:

| aplicación orzamentaria | Exercicio 2018 |
|-----------------------------------------------|----------------|
| Subvencións eventos deportivos 3410.489.00.01 | 25.000,00 € |

No caso de que actuación teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade do actuación, o financiamento reducirase proporcionalmente.

Atendendo ós antecedentes descritos, faise o seguinte proposta:

I.- ANTECEDENTES:

1.- No exercicio das súas respectivas competencias, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, con data 20 de novembro de 2015, asinaron un protocolo de colaboración en orde a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións e, especialmente, para a cooperación na planificación e execución dos proxectos e actuacións que no propio convenio se sinalan; actuacións e proxectos entre os que se inclúen, no que ao presente convenio importa, aquelas actuacións encamiñadas a potenciar o deporte como un elemento integrador, posibilitando a consolidación das novas demandas sociais.

2.- Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar co ámbito de desenvolvemento da actividade deportiva na cidade.
- Colaborar cos axentes deportivos no desenvolvemento de proxectos de interese deportivo na cidade de Vigo.
- Promocionar o deporte de competición na cidade de Vigo.
- Colaborar con proxectos que poñan en valor modalidades de arraigo na cidade de Vigo.
- Optimizar os recursos que se destinan ó desenvolvemento da actividade físico-deportiva no ámbito da cidade de Vigo.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

3.- En relación ó desenvolvemento e promoción de programas de promoción deportiva na cidade de Vigo, débese resaltar a gran demanda, asistencia e participación que teñen na cidade; nos atopamos que a celebración de grandes eventos deportivos que supoñan establecer referencias deportivas do máis alto nivel en Vigo, conforman unha importante proposta e fundamentan a oportunidade de xerar novos proxectos que podan contribuír, fundamentalmente, a impulsar e potenciar a participación da cidadanía no ámbito deportivo. A celebración do Campionato de Europa J70 de vela, converterá á cidade de Vigo durante a súa celebración no centro de atención da vela no ámbito nacional, cunha enorme

repercusión, ademais, no ámbito internacional, dada a participación e asistencia de máis de 1.000 persoas entre tripulacións e acompañantes, tendo en conta ademais que a clase J70 constitúe unha modalidade emerxente en todo o mundo, con máis de 1.500 barcos, dos que preto de medio millar atópanse en Europa.

Na competición de seleccións autonómicas participarán máis de 1.000 persoas, convertendo a competición nun espectáculo deportivo de gran nivel e competitividade seguido por numeroso público, facendo que Vigo sexa, durante a súa celebración, o epicentro da vela.

A cidade de Vigo ademais, conta cunha longa tradición de deportes náuticos, coa celebración ó longo da súa historia de competicións do máis alto nivel internacional.

A importancia deste evento de promoción radica ademais no impulso que supón para unha modalidade historicamente moi arraigada na nosa comunidade en xeral, e na nosa cidade en particular, na que tradicionalmente houbo unha gran afición a este deporte.

4.- No devandito protocolo de colaboración convénse que as distintas actuacións nel previstas se desenvolverán a través de convenios específicos, cuxa execución administrativa, técnica e contractual corresponderá ao Concello de Vigo, que deberá observar os procedementos de avaliación e seguimento da execución dos convenios a establecer nestes.

5.- O Concello de Vigo, continuando as amplas intervencións realizadas nos últimos anos, pretende executar o seguinte proxecto deportivo:

| Investimento |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <ul style="list-style-type: none">Campionato de Europa J-70 de vela, coa participación de máis de 100 embarcacións do ámbito europeo, que se disputará entre o 9 e o 16 de xuño de 2018 en Vigo. |

6.- Co obxecto de proceder ó desenvolvemento deste proxecto, detállanse as seguintes especificacións resumidas:

| Investimento |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Campionato de Europa J-70 de vela |
| Obxecto da actuación: |
| Desenvolver o Campionato de Europa J70 de vela coa participación de máis de 100 embarcacións do ámbito europeo que se disputará entre o 9 e o 16 de xuño de 2018 en Vigo. |

| |
|---------------------------------|
| Alcance económico da actuación: |
| 50.000,00 € |



Concello de Vigo

7.- En data 25.04.18, o Concelleiro delegado de Deportes, resolveu iniciar o expediente para a elaboración e aprobación de ser o caso por parte do Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra dun convenio para a financiación e a execución das actuacións precisas para o desenvolvemento do proxecto de promoción deportiva na Cidade proposto neste expediente.

8.- O Xefe do servizo de deportes-Director deportivo, co conforme do Concelleiro delegado de deportes, á vista do protocolo de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para a execución de actuacións estratéxicas encamiñadas a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións e, especialmente, para a cooperación na planificación e execución dos proxectos e actuacións que no propio convenio se sinalan; actuacións e proxectos entre os que se inclúen, no que ao presente convenio importa, aquelas actuacións encamiñadas a potenciar o deporte como un elemento integrador, posibilitando a consolidación das novas demandas sociais, cuxo obxecto é articular o réxime de colaboración entre o Concello e a Deputación para a financiación dos investimentos vinculados ao presente convenio.

FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

I.- O artigo 25. 2. l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) atribúe ás Administracións municipais competencia propia, no que ao presente convenio importa, aquelas actuacións de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

II.- Os artigos 57 da LRBRL e 195 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia (LALGA), prevén a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e a Administración do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais coma en asuntos de interese común. As formas e termos da colaboración serán os previstos nas Leis, podendo ter lugar mediante consorcios ou convenios administrativos que subscriban as partes.

III.- Os artigos 88 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJPAC), 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes de réxime local (TTRRL) e o artigo 34 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2017/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 contemplan que as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios e contratos, con persoas tanto de dereito público como privado sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico ou versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso prevea a disposición que o regule.

IV.- O artigo 6 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, regula como excluídos do ámbito subxectivo da mesma, os convenios de colaboración que celebre a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídica pública de elas dependentes e as entidades con personalidade privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador.

VI.- O convenio consta dunha parte expositiva e once pactos. O obxecto do convenio é establecer e concretar o réxime de colaboración entre o Concello de Vigo e Deputación Provincial de Pontevedra para o financiamento do desenvolvemento dun proxecto de promoción deportiva a través da organización dun acontecemento deportivo, que se relaciona no mesmo. Os pactos que se incorporan ao mesmo estímense conformes ao interese público municipal.

III.- Convenio

A celebración de convenios de colaboración entre entidades de dereito público, atópase prevista nos artigos 6 Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común (LRXAPPAC), sinalando o apartado segundo do mesmo o contido propio dos instrumentos de formalización dos convenios, así como 194 e 195 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia

En canto ó seu contido, axustado á lexislación de procedemento administrativo e de subvencións, detállase no informe xurídico obrante no expediente.

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, recóllese na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art 199 LALG.

O Convenio regula as pautas de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para o financiamento do desenvolvemento dun proxecto de promoción deportiva a través da organización dun acontecemento deportivo, que se relaciona no mesmo

Os investimentos vinculados ao presente convenio serán definidos nos correspondentes proxectos técnicos que concretarán as actuacións a realizar.

En todo caso, o proxecto dos investimentos a desenvolver terá relación directa con:

Desenvolvemento do Campionato de Europa de J70 de Vela coa participación de embarcacións de países do ámbito europeo que se disputará entre o 9 e o 16 de xuño de 2018 en Vigo, cun orzamento previsto de 150.000,00€.

IV.-Procedemento e competencia

Consta no expediente de aprobación do convenio os documentos necesarios para a súa tramitación: orde de inicio, informe técnico, memoria do convenio e texto do mesmo e informe xurídico.



Concello de Vigo

Que o artigo 25. 2. l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local atribúe ás Administracións Municipais competencia en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas.

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio .

O art. 8.1. letra “b” da Lei de transparencia obriga a dar publicidade do convenio que se aprobe.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

V.- PROPOSTA

Primeiro.- Aprobar o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO DE PROMOCIÓN DEPORTIVA DA VELA A TRAVÉS DA ORGANIZACIÓN DO CAMPIONATO DE EUROPA J-70 NA CIDADE DE VIGO, transcrito no Anexo da presente.

Segundo.- Solicitar da Deputación provincial de Pontevedra a aprobación e subscripción do convenio que se anexa para o desenvolvemento dun proxecto de promoción deportiva da vela a través da organización do Campionato de Europa J70 de Vela:

–Desenvolvemento do Campionato de Europa de J70 de Vela coa participación de embarcacións de países do ámbito europeo que se disputará entre o 9 e o 16 de xuño de 2018 en Vigo, cun orzamento previsto de 150.000,00€.

Terceiro: Proceder ó inicio do expediente administrativo conducente á tramitación dunha subvención a favor da Asociación Española de Propietarios de J70 como entidade organizadora do Campionato de Europa de J70 destinada a atender as obrigas económicas do convenio.

Cuarto.- Comprometerse a dar cumprimento ás condicións do convenio nos termos do mesmo.

Quinto.- Dar conta do presente acordo á Concellería de Xestión municipal ós efectos de publicidade.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

Anexo I

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO "CAMPIONATO DE EUROPA DE J70 - 2018"

En Vigo, ___ de _____ de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, D^a María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Doutra, D. Abel Caballero Álvarez, quen actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

E actuando Dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Concello de Vigo, e Don Carlos Cuadrado Romay en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

As partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

I.- Que, no exercicio das súas respectivas competencias, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, con data 20 de novembro de 2015, asinaron un Protocolo de colaboración en orde a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións e, especialmente, para a cooperación na planificación e execución dos proxectos e actuacións que no propio Protocolo se sinalan; actuacións e proxectos entre os que se inclúen nos que ao presente convenio importan os de promoción do deporte.

II.- Que no devandito Protocolo de colaboración establécese que as distintas actuacións previstas desenvolveranse a través de convenios específicos, cuxa execución administrativa, técnica e contractual corresponderá ao Concello de Vigo, que deberá observar os procedementos de avaliación e seguimento da execución dos convenios a establecer nestes. No apartado IV do citado Protocolo exponse que a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo desenvolverán a colaboración para a realización de actuacións, das que se considerarán prioritarias en materia do deporte, aquelas



Concello de Vigo

encamiñadas a potenciar a consolidación do deporte como un elemento integrador que posibilite a consolidación das novas demandas sociais.

III.- Que a promoción do deporte se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n) da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia. Pola súa banda a lexislación vixente en materia de réxime local, concretamente no artigo 31 da Lei 7/1985, de 2 de abril, encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica aos concellos.

Asemade, o artigo 8 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, atribúe aos municipios, entre outras competencias, o fomento e difusión do deporte, ou a colaboración con outros entes locais, federacións deportivas galegas ou outras asociacións deportivas. Pola súa parte, o artigo 7 do mesmo texto legal, atribúelle ás Deputacións provinciais, entre outras competencias, o fomento, promoción e difusión do deporte, ou a colaboración cos municipios para garantir a prestación integral e adecuada de actividades deportivas.

IV.- Que a Asociación Española de Propietarios de J70, foi seleccionada pola Asociación Internacional da Clase J70, recoñecida pola ISAF (International Sailing Association Federation) para asumir a organización do IV Campionato de Europa da clase en 2018. Dito campionato disputarase na Ría de Vigo, tendo como sede do evento o Real Club Náutico de Vigo, sucedendo así aos xa celebrados en Mónaco, Kiel e Southampton. A organización deste evento supón o recoñecemento de Vigo como unha das cidades de referencia no deporte da vela, como punto de confluencia de distintas probas e deportistas de recoñecido prestixio, e en xeral unha referencia na organización de proxectos deportivos de calidade.

V.- Que o campionato desenvolverase en formato aberto, o que supón a apertura a barcos e tripulacións de todo o mundo, e polo que en base ás anteriores edicións deste campionato, prevese que no evento asistan máis de 1.000 persoas entre tripulacións e acompañantes. A estas circunstancias hai que engadir que a Clase J70 constitúe unha modalidade emerxente en todo o mundo, con máis de 1.500 barcos, dos que preto de medio millar atópanse en Europa. Por todo o referido, a celebración deste evento ven reforzar á cidade de Vigo como referencia no deporte da vela e punto de confluencia de numerosos regatistas, entre outros, campións mundiais ou olímpicos. Asemade, o carácter internacional deste evento e a afluencia de visitantes de todo o mundo, supón unha oportunidade para a promoción non só da Ría e da cidade de Vigo, senón das Rías Baixas e da provincia de Pontevedra en xeral.

VI.- Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento do Protocolo de colaboración citado anteriormente, que contempla como un dos seus obxectivos estratéxicos o apoio ás iniciativas de fomento e a promoción do deporte, acordan aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan os comparecentes, con arranxo ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

É obxecto deste convenio establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas

administracións locais para o desenvolvemento da IV edición do “CAMPIONATO DE EUROPA DE J70 - 2018” que terá lugar entre os días 9 e 16 de xuño en Vigo. O evento terá lugar na Ría de Vigo e a súa sede na do Real Club Náutico de Vigo, correspondéndolle a súa organización á Asociación Española de Propietarios de J70.

SEGUNDA.- FINANCIAMENTO DO CONVENIO

O importe ao que se refire o presente convenio, atende as actuacións dos proxectos contemplados para o ano 2018, o cal ascende á cantidade total de CINCUENTA MIL EUROS (50.000,00 euros) que se distribuirán do seguinte xeito:

1.- A Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a achegar, para a execución dos proxectos deportivos correspondentes ao ano 2018, a contía de VINTE CINCO MIL EUROS (25.000,00 euros).

A financiación comprometida pola Deputación Provincial de Pontevedra terá carácter definitiva consonte á táboa que se inxire a continuación:

| Investimento | Exercicio 2018 |
|--------------------------------------------------------|-----------------------|
| Achega da Deputación de Pontevedra ao Concello de Vigo | 25.000,00 € |
| TOTAL | 25.000,00 € |

O pagamento da anualidade do 2018 realizarase contra a aplicación 18/942.9420.762.14 do orzamento provincial- Concellos-Investmentos en Convenios.

2.- O Concello de Vigo obrígase a achegar a contía de VINTE CINCO MIL EUROS (25.000,00€), desagregados da forma seguinte:

| Concepto | Exercicio 2018 |
|------------------------------------|-----------------------|
| CAMPIONATO DE EUROPA DE J70 - 2018 | 25.000,00 € |

A tal fin e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, o Concello de Vigo comprométese a dotar crédito nas aplicacións correspondentes. O pagamento da anualidade correspondente ao exercicio 2018 realizarase contra a seguinte aplicación orzamentaria:

| aplicación orzamentaria | Exercicio 2018 |
|-----------------------------------------------|-----------------------|
| Subvencións eventos deportivos 3410.489.00.01 | 25.000,00 € |

No caso de que actuación teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade do actuación, o financiamento reducirase proporcionalmente.



Concello de Vigo

TERCEIRA.- EXECUCIÓN DO CONVENIO

1º.- A execución do presente convenio e o seu financiamento pola Deputación Provincial terá lugar coa seguinte desagregación:

| ANUALIDADE | TOTAL |
|------------|-----------|
| 2018 | 25.000,00 |

2º.- O Concello de Vigo redactará unha proposta de convenio de colaboración coa Asociación Española de Propietarios de J70, CIF G27801703, para a celebración en Vigo, entre os días 9 e 16 de xuño, da IV edición do “CAMPIONATO DE EUROPA DE J70 – 2018”. A asociación foi designada para asumir a súa organización pola Asociación Internacional da Clase J70, membro da ISAF (International Sailing Association Federation), entidade mundial de goberno para o deporte da vela, oficialmente recoñecida polo Comité Olímpico Internacional.

3.- O Concello de Vigo comunicará á Deputación Provincial, a data e a hora en que terá lugar a súa sinatura, á que asistirá, de consideralo procedente, un representante da Corporación provincial. En todo caso, o Concello de Vigo remitirá unha copia do texto do convenio á Deputación.

4º.- A Administración municipal remitirá á provincial, a xustificación das actuacións recollidas no convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación Española de Propietarios de J70.

5º.- A Deputación Provincial someterá o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e Asociación Española de Propietarios de J70 á supervisión e comprobación dos seus servizos técnicos, e se o estima oportuno, poderaos someter á aprobación do órgano de goberno que corresponda, coa finalidade de autorizar as actuacións previstas nos mesmos.

6º.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar as actuacións obxecto do presente convenio cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e ao responsable do contrato a emisión das ordes e instrucións que procedan.

7º.- En todo caso, a achega ao Concello de Vigo farase efectiva mediante transferencia bancaria, que será librada contra a presentación das correspondentes das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, así como da restante documentación xustificativa necesaria e logo da súa fiscalización pola Intervención provincial, e na parte proporcional do financiamento. Asemade, as actuacións estarán sometidas á comprobación explícita da execución das prestacións por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial. Para a súa percepción será preciso presentar a seguinte documentación:

- copia do acordo de aprobación da Xunta de Goberno Local e do texto do convenio asinado entre o Concello de Vigo e a Asociación Española de Propietarios de J70 para a

celebración en Vigo, entre os días 9 e 16 de xuño, da IV edición do "CAMPIONATO DE EUROPA DE J70 – 2018";

- memoria explicativa e detallada das actividades realizadas relacionadas cos gastos da actividade subvencionada, con mención dos resultados obtidos e identificación do asinante;
- informe favorable de pagamento da xustificación do convenio asinado polo responsable do servizo competente do Concello;
- facturas, ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, aprobadas polo órgano competente do Concello;
- conta xustificativa que relacione os gastos da actividade subvencionada;
- memoria de gastos e ingresos relacionados coa actividade;
- certificación de pagamento a favor da Asociación Española de Propietarios de J70, asinada polo Tesoureiro do Concello de Vigo;
- acreditación da difusión dada á colaboración da Deputación no financiamento da actividade;
- declaración responsable de que os gastos e ingresos que figuran na conta xustificativa se destinaron á actividade obxecto do convenio, dos ingresos obtidos e de que as subvencións ou axudas obtidas non superan o custe da actividade.
- calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.

CUARTA.- COMPROMISOS DO CONCELLO

O Concello de Vigo obrígase a:

- Financiar a realización do evento, achegando a cantidade correspondente, de conformidade co disposto na cláusula segunda, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, na parte proporcional do financiamento.
- Redactar unha proposta de texto de convenio, entre o Concello de Vigo e a Asociación Española de Propietarios de J70 para a celebración en Vigo, entre os días 9 e 16 de xuño, da IV edición do "CAMPIONATO DE EUROPA DE J70 – 2018".
- Aprobar o texto do convenio coa Asociación Española de Propietarios de J70, pola Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, e remitir un exemplar do acordo á Deputación Provincial e máis do convenio.
- Obter os correspondentes permisos e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Xustificar perante a Deputación, as actuacións as que se refire prestacións executadas mediante a presentación da seguinte documentación acreditativa dos gastos.
- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.
- Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou



Concello de Vigo

axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.

- Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

Asemade, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

QUINTA.- COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN

A Deputación de Pontevedra obrígase a:

- Financiar a realización do evento, achegando a cantidade correspondente, de conformidade co disposto na cláusula segunda, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, na parte proporcional do financiamento.
- Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e da Resolución Presidencial núm. 2017008767 de 8 de maio de 2017, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas non exceden de 600.000,00 euros.

SEXTA.- PUBLICIDADE

En toda a documentación e informacións relativas á celebración da IV edición do "CAMPEONATO DE EUROPA DE J70 – 2018", en todos os formatos, figurará o logotipo da Deputación Provincial de Pontevedra e do Concello de Vigo. As accións a desenvolver dentro da actuación, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración, do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír ós principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

SÉTIMA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS

Conforme o disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da contratación subvencionada.

OITAVA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento, entre outras funcións:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución do convenio a que este convenio se refire.
 - Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
 - Propoñer a interpretación, no caso de dúbida, do seu contido.
 - Se xorden controversias na aplicación do convenio propoñerlles ás partes a súa resolución.
 - A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo. Na reunión constituínte da Comisión designarase ao seu responsable e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.

NOVENA.- VIXENCIA

O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución do convenio a que o mesmo se refire, sen que en ningún caso o seu prazo de vixencia poida superar o 31 de decembro de 2018.



Concello de Vigo

DÉCIMA.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- 1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.
- 2º.- O acordo unánime dos asinantes.
- 3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.

- 4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- 5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.
- 6º.- Polo incumprimento das obrigas estipuladas no texto do convenio.

UNDÉCIMA.- RÉXIME XURÍDICO.

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado;

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de seguimento e control as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

3(585).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE CATRO TRABALLADORES/AS SOCIAIS E UN /UNHA SUBALTERNO/A, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ARTIGO 10.1 D) DO RDL 5/2015 DE 30 DE OUTUBRO, TREBEP, POR UN PERÍODO MÁXIMO DE 6 MESES PARA A ÁREA DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 32008/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30/05/18, dáse conta do informe-proposta do 29/05/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro delegado de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 11/05/2018, a Xefa do Servizo e o xefe da Área de Política Social, con conforme da Concelleira delegada de política social, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas dun/dunha subalterno/a e oito diplomados/as en traballo social por mor da situación existente, e para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 15/05/2018 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local dun/dunha subalterno/a e oito traballadores/as sociais, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

Dado que unicamente hai dispoñibles un/unha subalterno/a e catro traballadores/as sociais, continúaase o expediente para o nomeamento interino por acumulación de tarefas dos mesmos/as.

3.- Con data 28/05/2018, emítase polo Técnico de Organización e Planificación informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.



Concello de Vigo

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

*(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”***

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la recon-***

ducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 155 subalterno/a, e posto cód. 81- diplomado/a traballos sociais da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.



Concello de Vigo

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito da Xefa do Servizo e do xefe da Área de Política Social, con conforme da Concelleira delegada de política social, así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 15/05/2018, no que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

A urxencia dos nomeamentos propostos queda acreditada no escrito de petición da Xefa do Servizo e o xefe da Área de Política Social, co conforme da Concelleira delegada de política social, que figura no expediente.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido pola Técnica de Formación e Avaliación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, dun/dunha subalerno/a e catro diplomados/as en traballo social para o Servizo de Benestar Social, supón un gasto de **85.970,81 €** (75.403,68 € os catro traballadores sociais e 10.567,13 € un subalerno/a), e ao que haberá que engadirse a cantidade de **26.957,58 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente".

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente

“Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Diplomado/a en Traballo Social e Subalerno/a existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificadas as listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como diplomados/as en traballo social de **D^a. Marta Vallejo Fernández, con**

DNI *****690-E, D^a Ana Belén Fernández Iglesias, con DNI *****100-F, D^a Carmen Moreira Souto, con DNI *****318-L e D^a Tania García Vila, con DNI *****937-Z e como subalterno/a a D. Pablo Díaz Álvarez, con DNI *****763-C, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”

As mesmas aceptaron expresamente mediante escritos de data 23, 24 e 25/05/2018, optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento cinco funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como un/unha como **subalterno/a** e catro como **diplomados/as en traballo social** ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Benestar Social, contidas no escrito de data 11/05/2018, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **85.970,81 €** (75.403,68 € os catro traballadores sociais e 10.567,13 € un subalterno/a), e ao que haberá que engadirse a cantidade de **26.957,58 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa

Dito importe propónse a súa imputación, a partida 92001400000-outras modalidades de nomeamento persoal non permanente.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, como diplomados/as en traballo social a D^a. **Marta Vallejo Fernández, con DNI *****690-E, D^a Ana Belén Fernández Iglesias, con DNI *****100-F, D^a Carmen Moreira Souto, con DNI *****318-L e D^a Tania García Vila, con DNI *****937-Z** e como subalterno/a a D. Pablo Díaz Álvarez, con DNI *****763-C, na súa condición de seguinte aspirante na lista que superou todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.



Concello de Vigo

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 155-subalterno/a e posto cód. 81-diplomado/a traballo social), sendo adscrito/a ó Servizo de Benestar Social, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do/das funcionario/as interino/as nomeado/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013..

QUINTO: Notificar o presente acordo ó/ás aspirantes nomeado/as, á Xefa de Benestar Social, Xefe de Área de Política Social, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(586).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN OFICIAL CONSERVADOR/A, BAIXO A MODALIDADE DO ART. 10.1 D) DO RDL 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO, TREBEP, PARA O SERVIZO DO VIGOZOO. EXPTE. 31633/220

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30/05/18, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro delegado de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 08/02/2018, o Coordinador Técnico de VigoZoo e o Director de Réxime interior de VigoZoo, co Visto e Prace da Concelleira-delegada de medio ambiente e Vida saúdable, remiten oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por

acumulación de tarefas de un oficial conservador/a por mor da situación existente, e para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 13/03/2018, solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local dun/dunha oficial conservador/a, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 29/05/2018, emítese polo Técnico de Organización e Planificación informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”



Concello de Vigo

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública."

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**"*

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu

nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 682- Oficial conservador/a), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito do Coordinador Técnico de VigoZoo e o Director de Réxime interior de VigoZoo, de data 08/02/2018, así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 13/03/2018, no que se ordena o inicio do presente expediente; o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo



Concello de Vigo

derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido pola Técnico de Organización e Planificación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, dun/dunha oficial conservador/a para o Servizo de Vigo Zoo, supón un gasto de **20.267,53 €**, ao que haberá que engadirse a cantidade de **6.394,38 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente".

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Oficial Conservador/a, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de **D. Juan José Vázquez Araújo, con DNI *****652-K**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."

O mesmo aceptou expresamente mediante escrito de data 30/05/2018, optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 .d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como **oficial conservador/a** ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Vigo Zoo, contidas no

escrito do 08/02/2018 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **20.267,53 €**, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a **D. Juan José Vázquez Araújo, con DNI *****652-K** na súa condición de seguinte aspirante na lista, que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 682-oficial-conservador/a), sendo adscrito/a ao Servizo do Vigo Zoo, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do/das funcionario/as interino/as nomeado/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ós aspirantes nomeado/as, ao Coordinador Técnico de VigoZoo e o Director de Réxime interior de VigoZoo, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

5(587).- PROPOSTA DE ATRIBUCIÓN TEMPORAL DE FUNCÍONS Á FUNCIONARIA MUNICIPAL NP 19.258. EXPTE. 32031/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 31/05/18, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro delegado de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Mediante instrucción de servizo de data de sinatura electrónica, o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ordea á Área de Recursos Humanos e Formación a realización dos tramites administrativos necesarios para a realización de atribución temporal de funcións á funcionaria municipal D^a Yolanda Aguiar Castro (n^o de persoal 19.258) con praza de técnica de relacións públicas, adscrita ao posto de traballo de Xefa de Relacións Fomento do Emprego, indicando que "as necesidades da Excma. Alcaldía no exercicio das funcións institucionais legalmente asignadas ao dito órgano municipal fan necesaria a designación dun funcionario/a municipal que preste apoio técnico ao Alcalde nos ámbitos materiais seguintes, sen exhaustividade no listado, toda vez que atopanse vacantes os postos técnicos funcionarios adscritos a mesma:

- Fundación Provigo,
- Eixo Atlántico,
- Comité Europeo das Rexións,
- Rede de Cidades polo Clima,
- Candidatura das Illas Cíes ao Patrimonio da Humanidade,
- Presidencia da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP)
- Calquera outro ámbito material relacionado coa actividade institucional da Excma. Alcaldía que lle sexa encomendado.

Motivadas polo incremento da actividade municipal, redundará nun necesario rendemento extraordinario da funcionaria indicada, nunha especial dedicación, unha maior disponibilidades horaria, así como nun aumento exponencial da súa carga de traballo e responsabilidades de planificación e supervisión.

Este rendemento extraordinario, así como o grao de cumprimento das funcións encomendadas, será estimado mediante informe de avaliación, no que se especificará a cantidade de traballo realizado con arreglo aos indicadores de rendemento que se establezan, con carácter porcentual ou segundo o grao de participación na actividade asignada (número de reunións, número de sesións de traballo, grao de participación na actividade e axenda institucional da Excma. Alcaldía, etc.) de xeito tal que se retribuirá a produtividade tomando como marco obxectivo de referencia o complemento específico 615, en relación co contido funcional do seu posto, así como a eficacia, calidade, logro de obxectivos e resultados, tempo de traballo adicional e disponibilidad do traballo.

Deste xeito e no uso das competencias que ostenta por delegación da Excma. Alcaldía e da Xunta de Goberno Local, contidas en Decretos de datas 19/06/2015 e 30/12/2016, así como

en acordos da Xunta de Goberno Local de mesmas datas, ordénase que se proceda á realización dos trámites necesarios e á emisións dos preceptivos informes a efectos de:

- Atribuír provisionalmente á funcionaria de carreira D^a Yolanda Aguiar Castro (n^o persoal 19.258, Xefa de Relacións Fomento do Emprego, adscrita á Alcaldía) as funcións de apoio técnico en materia institucional á Excm. Alcaldía do Concello de Vigo, nos ámbitos materiais seguintes, sen exhaustividade no listado:
- Fundación Provigo,
- Eixo Atlántico,
- Comité Europeo das Rexións,
- Rede de Cidades polo Clima,
- Candidatura das Illas Cíes ao Patrimonio da Humanidade,
- Presidencia da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP)
- Calquera outro ámbito material relacionado coa actividade institucional da Excm. Alcaldía que lle sexa encomendado.

Dispoñer que a dita atribución devengará un complemento de produtividade polas funcións e responsabilidades que se lle asignan, así como polo incremento obxectivo da actividade municipal, derivada do apoio ao Alcalde da cidade, tomando como marco obxectivo de referencia o complemento específico 615, así como a eficacia, calidade, logro de obxectivos e resultados, tempo de traballo adicional e dispoñibilidade horaria no desenvolvemento das funcións atribuídas, conforme ao establecido nas Bases de Execución dos vixentes Orzamentos Municipais e normativa que proceda.

A atribución temporal de funcións que se realice terá carácter estritamente provisional ata que se deixe sen efecto mediante acto administrativo posterior ou ben racionalización de estruturas internas ou calquera reorganización interna.”

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.-MARCO LEGAL DA ATRIBUCIÓN TEMPORAL DE FUNCIÓNS DISTINTAS ÁS PROPIAS DO POSTO DE TRABALLO DOS FUNCIONARIOS PÚBLICOS.

O artigo 73.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o Texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen, e sen merma das retribucións.

Pola súa natureza e configuración, a atribución temporal de funcións constitúe un instrumento de xestión de recursos humanos, de carácter estritamente provisional, de xeito tal que permita dar solucións provisionais a situacións transitorias. No presente suposto, a duración da atribución proposta ten por obxecto permitir a normal xestión técnica das relacións institucionais a desenvolver pola Excm. Alcaldía, e a súa duración será ata a implantación de novas estruturas organizativas e funcionais, podendo ser deixada sen efecto en calquera momento por acto administrativo en senso contrario, e tendo en todo caso unha vixencia temporal limitada, dado o seu carácter e esencia provisionais.



Concello de Vigo

II.- MOTIVACIÓN DA ATRIBUCIÓN TEMPORAL DE FUNCIÓNS OBXECTO DO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO.

Na instrucción do servizo de data de sinatura electrónica incorporada ao expediente figura motivación suficiente das necesidades apreciadas pola Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal na prestación do servizo en canto á xestión das incidencias propias da Excm. Alcaldía e Presidencia da Corporación, inidancandose na mesma a necesidade de atribuír provisionalmente á funcionaria de carreira D^a Yolanda Aguiar Castro (n^o persoal 19.258, Xefa de Relacións Fomento do Emprego, adscrita á Alcaldía) as funcións de dirección e as funcións de apoio técnico en materia institucional á Excm. Alcaldía do Concello de Vigo, nos ámbitos materiais seguintes, sen exhaustividade no listado:

- Fundación Provigo,
- Eixo Atlántico,
- Comité Europeo das Rexións,
- Rede de Cidades polo Clima,
- Candidatura das Illas Cíes ao Patrimonio da Humanidade,
- Presidencia da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP)
- Calquera outro ámbito material relacionado coa actividade institucional da Excm. Alcaldía que lle sexa encomendado.

Ademais, hai que sinalar que a funcionaria, adscrita á Alcaldía, ven desempeñando ditas funcións segundo Acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/06/2017.

O desempeño de ditas funcións redundará nun necesario rendemento extraordinario da funcionaria indicada, nunha especial dedicación, unha maior disponibilidad horaria, así como nun aumento exponencial da súa carga de traballo e responsabilidades de planificación e supervisión, polo que na mencionada instrucción de servizo se dispoñe que dita atribución devengará un complemento de produtividade polas funcións e responsabilidades que se lle asignan, así como polo incremento obxectivo da actividade municipal, derivada do apoio ao Alcalde da cidade, tomando como marco obxectivo de referencia o complemento específico 615, así como a eficacia, calidade, logro de obxectivos e resultados, tempo de traballo adicional e disponibilidad horaria no desenvolvemento das funcións atribuídas, conforme ao establecido nas Bases de Execución dos vixentes Orzamentos Municipais e normativa que proceda.

Este rendemento extraordinario, así como o grao de cumprimento das funcións encomendadas, será estimado mediante informe de avaliación, no que se especificará a cantidade de traballo realizado con arreglo aos indicadores de rendemento que se establezan, con carácter porcentual ou segundo o grao de participación na actividade asignada (número de reunións, número de sesións de traballo, grao de participación na actividade e axenda institucional da Excm. Alcaldía, etc.) de xeito tal que se retribuirá a produtividade tomando como marco obxectivo de referencia o complemento específico 615, en relación co contido funcional do seu posto, así como a eficacia, calidade, logro de obxectivos e resultados, tempo de traballo adicional e disponibilidad do traballo.

Asi mesmo dita atribución temporal de funcións que se realice terá carácter estritamente provisional ata que se deixe sen efecto mediante acto administrativo posterior ou ben racionalización de estruturas internas ou calquera reorganización interna.

III.- CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS DE TITULACIÓN.

Consta no expediente persoal da funcionaria proposta a titulación universitaria de Licenciada en Dereito, Licenciada en Filoloxía Inglesa, Master universitario en dereitos fundamentais, e igualmente constan acreditado o curso de Directivo.

Adicionalmente, a funcionaria proposta é funcionaria de carreira do Concello de Vigo, con praza de técnico de relacións públicas, subgrupo A2 de titulación, figurando adscrita a unha Xefatura (Xefatura de Relacións de Fomento do Emprego) na cal se desenvolven relacións interinstitucionais con outras Administracións Públicas e entidades do sector público, polo cal non existiría impedimento legal para a atribución temporal e provisional de funcións inherentes ao subgrupo A1 de titulación (Técnico/a de Administración Xeral e/ou responsable de relacións institucionais) ao dispoñer da titulación de Licenciado/a en Dereito, segundo a documentación obrante no expediente administrativo.

Segundo as vixentes guías sobre funcións dos postos de traballo anexas á RPT e aprobadas pola Xunta de Goberno Local, as xefaturas dos servizos teñen asignadas funcións de dirección, planificación e coordinación administrativa da actividades dos servizos ao seu cargo; funcións de dirección que non deben ser confundidas coas funcións directivas públicas profesionais, propias dos órganos directivos, que *ex lege* están reservadas -coa excepción prevista no teor literal do precepto- a funcionarios de carreira encadrados no subgrupo A1 de titulación, segundo o establecido no artigo 130.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, tras a modificación operada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, que sinala que:

“El nombramiento de los coordinadores generales y de los directores generales, atendiendo a criterios de competencia profesional y experiencia deberá efectuarse entre funcionarios de carrera del Estado, de las Comunidades Autónomas, de las Entidades Locales o con habilitación de carácter nacional que pertenezcan a cuerpos o escalas clasificados en el subgrupo A1, salvo que el Reglamento Orgánico Municipal permita que, en atención a las características específicas de las funciones de tales órganos directivos, su titular no reúna dicha condición de funcionario.”

IV.- INCIDENCIA ECONÓMICA E OBRIGATORIO SOMETEMENTO Á PRECEPTIVA FISCALIZACIÓN PREVIA

O presente expediente carece de proposta de gasto e de contido económico; non obstante, e de conformidade co disposto no RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, podería eventualmente xenerar devengos retributivos posteriores en concepto de produtividade -de acreditarse o rendemento e a realización efectiva e satisfactoria das funcións que temporalmente se atribúen-. Por tal motivo, remítese á preceptiva fiscalización previa do gasto.

Unha vez acreditado o desempeño efectivo das funcións, será nun expediente administrativo posterior no cal se determinen os criterios obxectivos de asignación do complemento de produtividade que se outorgue corresponderíase con recollidos nas Bases de Execucións



Concello de Vigo

dos Orzamentos Municipais que correspondan así nos instrumentos internos de xestión de recursos humanos (instrucións de plantilla ou documento equivalente).

Nas vixentes instrucións sobre plantilla (instrución terceira *in fine*) establécese expresamente que calquera outorgamento de produtividade que non traia causa dos apartados especificamente establecidos na mesma requirirán da previa aprobación pola Xunta de Goberno Local; por tanto, e con carácter previo á aprobación do complemento de produtividade que eventualmente se outorgue, deberán ser aprobados os criterios para a asignación do complemento indicado, que será estimado mediante informe de avaliación, no que se especificará a cantidade de traballo realizado con arreglo aos indicadores de rendemento que se establezan, con carácter porcentual ou segundo o grao de participación na actividade asignada (número de reunións, número de sesións de traballo, etc.) do contido funcional do seu posto, así como a eficacia, calidade, logro de obxectivos e resultados, tempo de traballo adicional e dispoñibilidade do traballo.

De todos os xeitos e dacordo coas indicacións da Intervención Xeral en informe de data 30/5/2018, no caso de que sexan acreditadas o desempeño efectivo das funcións encomendadas e toda vez que na instrución de servizo do Concelleiro Delegado de Xestión Municipal dispónse que tomarase como marco obxectivo de referencia mensual o importe do complemento específico con código 615 que importa 2.879,57 euros, tendo en conta que actualmente a funcionaria ten asignado o complemento específico 650 (1.624,78 euros mensuais), o importe total máximo que suporá a atribución temporal de funcións ascende a **1.254,79 euros mensuais**, (1.254,79* máximo 7 meses=8.783,53€), debéndose descontar os días de ausencia da funcionaria no período a aboar (I.T, permisos, vacacións).

VI.- PARÁMETROS OBXECTIVOS PARA O DEVENGO DO COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE

Como parámetros obxectivos para o devengo e conseguinte outorgamento dun complemento de produtividade, de proceder e de ser o caso, e sen prexuízo da complexidade de medición dos mesmos -dado o carácter eminentemente institucional das funcións a encomendar, sendo moitas delas encadrables dentro das funcións de xefatura asignadas aos postos superiores existentes na xerarquía organizativa interna do Concello de Vigo- estímase necesario o establecemento dos seguintes:

- 1.- Porcentaxe de exceso de xornada mensual realizado e verificable nos sistemas de control de presenza horaria e/ou mediante informe da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal.
- 2.- Grao de participación nos asuntos xestionados na Excm. Alcaldía relacionados coa actividade institucional da Excm. Alcaldía, medibles segundo os sistemas informáticos de xestión de expedientes.
- 3.- Grao de participación na actividade institucional e na axenda de actividade da Excm. Alcaldía-Presidencia en relación co ámbito material concreto, segundo número de reunións e/ou sesións de traballo realizadas mensualmente, dentro e fora do Concello, relacionadas coas funcións encomendadas.

4.- Número de documentos, memorias, documentos de carácter estratéxico e demais actividade administrativa de carácter técnico que mensualmente se elaboren a solicitude da Excm. Alcaldía-Presidencia ou da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal.

Segundo a orde do servizo do Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, deberá tomarse como marco obxectivo de referencia mensual o importe do complemento específico 615, así como a eficacia, calidade, logro de obxectivos e resultados, tempo de traballo adicional e disponibilidad horaria no desenvolvemento das funcións atribuídas, conforme ao establecido nas Bases de Execución dos vixentes Orzamentos Municipais e normativa que proceda.

A estes efectos, déixase constancia de que o criterio interno existente na Área de Recursos Humanos e Formación é o de non autorizar encomendas ou atribucións temporais de funcións propias de postos en máis de 1 escalón superior; criterio que no presente suposto se cumpre efectivamente, toda vez que a funcionaria proposta pertence ao subgrupo A2 de titulación, figurando adscrita a unha xefatura de servizo, e as funcións que se lle atribúen forman parte do feixe funcional do posto de traballo inmediatamente superior na xerarquía organizativa interna do Concello de Vigo, que ten como complemento específico o código retributivo 615.

Dada a vixencia anual do exercicio orzamentario, o límite temporal da presente atribución debe ser o 31/12/2018, vinculada á duración do exercicio orzamentario, sen prexuízo de que polo órgano municipal competente se estime oportuna e necesaria a autorización dunha nova atribución funcional transcorrida esa data.

VI.- COMPETENCIA.

A competencia para resolver corresponde á Xunta de Goberno Local, segundo acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015 e 31/12/2016, a proposta da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal.

VII.- PROPOSTA DE ACORDO:

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, elévase ao órgano competente a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“**PRIMEIRO.**-Atribuir provisionalmente á funcionaria de carreira D^a Yolanda Aguiar Castro (n^o persoal 19.258, Xefa de Relacións Fomento do Emprego, adscrita á Alcaldía) as funcións de dirección e as funcións de apoio técnico en materia institucional á Excm. Alcaldía do Concello de Vigo, nos ámbitos materiais seguintes, sen exhaustividade no listado:

- Fundación Provigo,
- Eixo Atlántico,
- Comité Europeo das Rexións,
- Rede de Cidades polo Clima,
- Candidatura das Illas Cíes ao Patrimonio da Humanidade,
- Presidencia da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP)



Concello de Vigo

- Calquera outro ámbito material relacionado coa actividade institucional da Excma. Alcaldía que lle sexa encomendado.

SEGUNDO.- Aprobar, como parámetros obxectivos para o outorgamento dun complemento de produtividade, de proceder e de ser o caso, os seguintes:

1.- Porcentaxe de exceso de xornada mensual realizado e verificable nos sistemas de control de presenza horaria e/ou mediante informe da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal.

2.- Grao de participación nos asuntos xestionados na Excma. Alcaldía relacionados coa actividade institucional da Excma. Alcaldía, medibles segundo os sistemas informáticos de xestión de expedientes.

3.- Grao de participación na actividade institucional e na axenda de actividade da Excma. Alcaldía-Presidencia en relación co ámbito material concreto, segundo número de reunións e/ou sesións de traballo realizadas mensualmente, dentro e fora do Concello, relacionadas coas funcións encomendadas.

4.- Número de documentos, memorias, documentos de carácter estratéxico e demais actividade administrativa de carácter técnico que mensualmente se elaboren a solicitude da Excma. Alcaldía-Presidencia ou da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal.

TERCEIRO.- Dispoñer que a dita atribución devengará un complemento de produtividade polas funcións que se lle asignan, así como polo incremento obxectivo da actividade municipal, tomando como marco obxectivo de referencia mensual o complemento específico 615, así como a eficacia, calidade, logro de obxectivos e resultados, tempo de traballo adicional e dispoñibilidade horaria no desenvolvemento das funcións atribuídas, conforme ao establecido nas Bases de Execución dos vixentes Orzamentos Municipais e normativa que proceda.

CUARTO.- Dispoñer que a atribución temporal de funcións que se realice terá carácter estritamente provisional ata que se deixe sen efecto mediante acto administrativo posterior ou ben racionalización de estruturas, ou calquera reorganización interna, e en todo caso, o 31/12/2018, vinculada á duración do exercicio orzamentario."

QUINTO.- Notificar a presente aos interesados/as, concelleiros/a-delegados/a da Área, Secretaría Xeral (Pleno, Xunta de Goberno e Administración Municipal); Interventor Xeral e Viceinterventor Adxunto, Municipal, Tesoureiro Municipal, Titular da Asesoría Xurídica Municipal, xefaturas de Área do Concello de Vigo, Presidente do Comité de Persoal e Excma. Alcaldía (Gabinete) para coñecemento e efectos."

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos

supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(588).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POLO PROCEDEMENTO ABERTO DAS “OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE ESPAZO POLIDEPORTIVO CUBERTO NA RÚA ROMIL Nº 77”. EXPTE. 37/441.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 30/05/18, e o informe de fiscalización de data 1/06/18, dáse conta do informe-proposta de data 31/05/18, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro delegado de Fomento e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO

1º- O Pleno municipal en sesión de data 27.12.2017 acordou “Aprobar ao abeiro do disposto no artigo 42.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia e en similares termos no artigo 65.7 do seu Regulamento, o cambio do uso dotacional dunha parcela sita na rúa Romil núm. 77 (núm. 79 segundo o catastro) pertencente ao inventario municipal de bens (núm. de inventario provisional 4352), con referencia catastral declarada 2553034NG2725S, de 2.695 m2 de superficie, sita no ámbito do PERI I-06 Hispanidade, de dotacional escolar a dotacional deportivo.”, acordo que se incorpora ao presente expediente.

2º. -O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo, en sesión ordinaria de 27 de decembro de 2017 recolle dentro do programa 3420 “Instalacións deportivas” a aplicación orzamentaria 3420.622.00.07 (CONV.DEPUT. 1a ANUALIDADE CONSTRUCCIÓN NOVAS INST. DEPORTIVAS EN ROMIL 77”).

Trátase dunha actuación cofinanciada derivada do “convenio de colaboración coa Deputación Provincial de Pontevedra para a mellora de instalacións no termo municipal de Vigo. Expte. 4969/440. O mesmo foi asinado por ambas institucións con data 2.01.2018.

3º. Para levar a cabo esta actuación, o Concelleiro-Delegado da Área de Fomento e o Concelleiro Delegado da Área de Deportes, en datas 13.06.2017 e 22.06.2017 respectivamente, resolveron autorizar o gasto e o contrato para redacción do proxecto de execución das obras de “Acondicionamento de espazo polideportivo cuberto na rúa Romil nº 77”, a prol da empresa NAOS 04 ARQUITECTOS S.L.P (Expte.: 3612/443).

4º. Previo informe da Oficina de Supervisión de proxectos de datas 28.02.18 e 09.03.18, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de data 14.03.18, a Xunta de



Concello de Vigo

Goberno Local, en sesión de 05.04.2018 aprobou o proxecto de "Acondicionamento de espazo de uso deportivo na rúa Romil nº77", redactado polos Arquitectos Santiago González García, Paula Costoya Carro, Miguel Porras Gestido e Mónica Fernández Garrido, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS CENTO NOVENTA E UN MIL CINCOCENTOS CORENTA E DOUS EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS (2.191.542,30) e data de sinatura dixital do 19/02/2018.

5º.- Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente núm. 3612/443 correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola XGL en sesión do 05.04.2018 de cuxa execución se trata. No dito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- a) Acordo plenario de data 27.12.2017 aprobando o cambio de uso de dotacional escolar a dotacional deportivo.
- b) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión do 05.04.2018 correspondese co expediente administrativo 3612/443, que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactadas polos polos Arquitectos Santiago González García, Paula Costoya Carro, Miguel Porras Gestido e Mónica Fernández Garrido, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS CENTO NOVENTA E UN MIL CINCOCENTOS CORENTA E DOUS EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS (2.191.542,30), con data febreiro 2018.
- c) Informe de Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos/ Xefe do Servizo de Vías e Obras e polo Xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento de data 15.05.2018, onde se indica as finalidades institucionais competencia da Administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.
- d) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Contratación e Limpeza de data 15.05.2018.
- e) Acta de replanteo asinada polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos de data 15.05.2018.
- f) Informe da Xefa do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública de data 23.05.2018
- g) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 31.05.2018

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2013), aos concelleiros de Area.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os costes laborais (artigo 116.4.d) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística e adaptación ao contorno (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 09.03.2018), así como o cumprimento da normativa sectorial e a non necesariedade de autorizacións sectoriais.

Cuarto.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril). A proposta atópase contemplada no orzamento aprobado inicialmente polo Pleno para o ano 2018, e así mesmo a financiación desta actuación se atopa vinculada aos compromisos derivados do Convenio de Colaboración coa Deputación Provincial de Pontevedra para a mellora de instalacións deportivas no termo municipal de Vigo, aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión de 29 de decembro de 2017. Xustifícase a estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira nas repercusións económicas da instalacións.

Quinto.- É preceptiva previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),



Concello de Vigo

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de *DE ACONDICIONAMENTO DE ESPAZO POLIDEPORTIVO CUBERTO NA RÚA ROMIL Nº 77* redactado polos polos Arquitectos Santiago González García, Paula Costoya Carro, Miguel Porras Gestido e Mónica Fernández Garrido, con data febreiro 2018.

Segundo: Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 31.05.2018.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de DOUS MILLÓNS CENTO NOVENTA E UN MIL CINCOCENTOS CORENTA E DOUS EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS (2.191.542,30), sendo o importe correspondente ao IVE de 380.350,32€.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, para o ano 2018 da *aplicación orzamentaria 3420.622.00.07 - CONV.DEPUT. 1a ANUALIDADE CONSTRUCCIÓN NOVAS INST. DEPORTIVAS EN ROMIL 77*".

Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:

2018: 957.537,30€

2019: 1.234.005,00€

Cuarto: Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás disponibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 128,87%

Quinto: Abrir o procedemento de licitación para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(589).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE PROGRAMACIÓN E EXECUCIÓN DOS CAMPAMENTOS DE VERÁN 2018. EXPTE. 8560/336.

Visto o informe de fiscalización do 31/05/18, dáse conta do informe-proposta asinado na mesma data pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 31 de maio de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2018 (8.560-336)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2018 (8.560-336)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 7 de maio 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2018 (8.560-336) na seguinte orde descendente:

| Lote | Orzamento total (IVE incluído) | Licitador/a | Prezo ofertado (IVE incluído) | Valoración Sobre B | Valoración Sobre C | Melloraspropostas | Excur-sións | Inc. Per-soal | TOTAL |
|------|--------------------------------|---------------------------------|-------------------------------|--------------------|--------------------|-------------------|-------------|---------------|-------|
| 1 | 20.008,30 € | TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA S.L. | 20.008,29 € | 30,00 | 45,00 | 0 | 0 | 0 | 75,00 |
| 2 | 36.294,80 € | TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA S.L. | 36.294,08 € | 30,00 | 45,00 | 0 | 0 | 0 | 75,00 |
| 3 | 20.008,30 € | TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA S.L. | 2.008,29 € | 30,00 | 45,00 | 0 | 0 | 0 | 75,00 |



Concello de Vigo

| | | | | | | | | |
|---|-------------|----------------------------------------------------|--------------------|--------------|--------------|-----------|----------|--------------|
| 4 | 38.335,25 € | SERVIPLUS TOTAL S.L. | 33.539,00 € | 32,00 | 45,00 | 15 | 5 | 97,00 |
| 4 | 38.335,25 € | GESTIÓN DE LA FORMACIÓN Y ORGANIZACIÓN S.L. | 36.498,78 € | 30,00 | 36,78 | 15 | 5 | 86,78 |
| 4 | 38.335,25 € | DANIELA ALVITE WAISMAN | 36.616,80 € | 32,00 | 36,46 | 15 | 0 | 83,46 |
| 4 | 38.335,25 € | MOVE SERVICIOS OCIO Y DEPORTE S.L. | 37.228,28 € | 18,00 | 25,64 | 0 | 0 | 43,64 |
| 5 | 14.371,13 € | XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL S.L. | 12.495,54 € | 34,00 | 45,00 | 15 | 5 | 99,00 |
| 5 | 14.371,13 € | SERVIPLUS TOTAL S.L. | 12.573,00 € | 28,00 | 43,44 | 15 | 5 | 91,44 |
| 5 | 14.371,13 € | MR. PICKWICK SCHOOL S.L. | 12.601,91 € | 25,00 | 42,86 | 15 | 0 | 82,86 |
| 5 | 14.371,13 € | CAMPA FORMACIÓN E INTERVENCIÓN SOCIOEDUCATIVA S.L. | 13.652,57 € | 18,00 | 18,11 | 15 | 5 | 56,11 |
| 6 | 14.371,13 € | SERVIPLUS TOTAL S.L. | 12.573,00 € | 24,00 | 45,00 | 15 | 5 | 89,00 |
| 6 | 14.371,13 € | MR. PICKWICK SCHOOL S.L. | 12.678,91 € | 28,00 | 43,39 | 15 | 0 | 86,39 |
| 6 | 14.371,13 € | CAMPA FORMACIÓN E INTERVENCIÓN SOCIOEDUCATIVA S.L. | 13.652,57 € | 20,00 | 21,46 | 15 | 5 | 61,46 |
| 7 | 14.371,13 € | SERVIPLUS TOTAL S.L. | 12.573,00 € | 31,00 | 41,93 | 15 | 5 | 92,93 |
| 7 | 14.371,13 € | MR. PICKWICK SCHOOL S.L. | 12.293,91 € | 24,00 | 45,00 | 15 | 0 | 84,00 |
| 7 | 14.371,13 € | CAMPA FORMACIÓN E INTERVENCIÓN SOCIOEDUCATIVA S.L. | 13.652,57 € | 20,00 | 20,56 | 15 | 5 | 60,56 |
| 8 | 9.583,82 € | MR. PICKWICK SCHOOL S.L. | 8.214,27 € | 29,00 | 45,00 | 15 | 0 | 89,00 |
| 9 | 41.964,15 € | XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL S.L. | 33.909,55 € | 34,00 | 45,00 | 15 | 5 | 99,00 |
| 9 | 41.964,15 € | MOVE SERVICIOS DE OCIO Y DEPORTE S.L. | 38.604,95 € | 22,00 | 21,19 | 15 | 5 | 63,19 |

Segundo.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L. (lotes 1, 2 e 3), SERVIPLUS TOTAL, S.L. (lotes 4, 6 e 7), XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. (lotes 5 e 9), MR. PICWICK SCHOOL, S.L. (lote 8), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir aos citados licitadores o aboamento de 1.051,96 euros (116,88 por cada un dos lotes) en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado aos licitadores clasificados en primeiro lugar, TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L. (lotes 1, 2 e 3), SERVIPLUS TOTAL, S.L. (lotes 4, 6 e 7), XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. (lotes 5 e 9), MR. PICWICK SCHOOL, S.L. (lote 8), o día 24 de maio de 2018, que presentan a documentación requirida, dentro do prazo concedido, nas seguintes datas:

- TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L. o 25 de maio
- SERVIPLUS TOTAL, S.L. o 23 e 28 de maio
- XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. o 18 de maio
- MR. PICWICK SCHOOL, S.L. o 29 de maio de 2018

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 24 de maio de 2018 revisou a documentación presentada e acordou, por unanimidade, conceder un prazo de tres días hábiles a MR. PICWICK SCHOOL, S.L., SERVIPLUS TOTAL, S.L. e TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L. para que emendasen a documentación presentada.

Cuarto.- En base ao requirimento da Mesa do 24 de maio de 2018, MR. PICWICK SCHOOL, S.L., SERVIPLUS TOTAL, S.L. e TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L. presentaron documentación, que foi revisada pola Mesa de Contratación na sesión do 31 de maio de 2018, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L. (lotes 1, 2 e 3), SERVIPLUS TOTAL, S.L. (lotes 4, 6 e 7), XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. (lotes 5 e 9), MR. PICWICK SCHOOL, S.L. (lote 8), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do



Concello de Vigo

licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L. (lotes 1, 2 e 3), SERVIPLUS TOTAL, S.L. (lotes 4, 6 e 7), XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. (lotes 5 e 9), MR. PICWICK SCHOOL, S.L. (lote 8), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 24 de abril e 4 de maio de 2018 respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L. os lotes 1, 2 e 3 do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2018 (8.560-336) coas seguintes condicións:

a) Lote 1 VERÁN NÁUTICO I:

- O prezo total do contrato é de 20.008,29 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.818,93 euros.*
- Non propón realizar unha saída ou excursión con desprazamentos en autobús discrecional por cada unha das quendas dos lotes os que se presenta.*
- Non propón incremento do nº de persoal prevista no PPT con persoal con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais.*

b) Lote 2: VERÁN NÁUTICO II:

- O prezo total do contrato é de 36.294,08 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.299,46 euros.*
- Non propón realizar unha saída ou excursión con desprazamentos en autobús discrecional por cada unha das quendas dos lotes os que se presenta.*
- Non propón incremento do nº de persoal prevista no PPT con persoal con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais.*

c) *Lote 3 VERÁN MARIÑEIRO :*

- *O prezo total do contrato é de 20.008,29 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.818,93 euros.*
- *Non propón realizar unha saída ou excursión con desprazamentos en autobús discrecional por cada unha das quendas dos lotes os que se presenta.*
- *Non propón incremento do nº de persoal prevista no PPT con persoal con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais.*

Adxudicar a SERVIPLUS TOTAL, S.L. os lotes 4, 6 e 7 do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2018 (8.560-336) coas seguintes condicións:

a) *Lote 4 VERÁN NA PRAIA:*

- *O prezo total do contrato é de 33.539 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.049 euros.*
- *Propón realizar unha saída ou excursión con desprazamentos en autobús discrecional por cada unha das quendas dos lotes os que se presenta.*
- *Propón unha persoa con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais.*

b) *Lote 6 VERÁN CON TEMÁTICAS ARTÍSTICAS:*

- *O prezo total do contrato é de 12.573 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.143 euros.*
- *Propón realizar unha saída ou excursión con desprazamentos en autobús discrecional por cada unha das quendas dos lotes os que se presenta.*
- *Propón unha persoa con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais.*

c) *Lote 7 VERÁN CON TEMÁTICAS PRE-MULTIDEPORTIVAS:*

- *O prezo total do contrato é de 12.573 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.143 euros.*
- *Propón realizar unha saída ou excursión con desprazamentos en autobús discrecional por cada unha das quendas dos lotes os que se presenta.*
- *Propón unha persoa con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais.*



Concello de Vigo

“Adxudicar a XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. os lotes 5 e 9 do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2018 (8.560-336) coas seguintes condicións:

a) Lote 5 VERÁN CON TEMÁTICAS ECOLÓXICAS/MEDIO AMBIENTAIS:

- O prezo total do contrato é de 12.495,54 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.135,96 euros.*
- Propón realizar unha saída ou excursión con desprazamentos en autobús discrecional por cada unha das quendas dos lotes os que se presenta.*
- Propón unha persoa con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais.*

b) Lote 9 CAMPAMENTO CON PERNOCTA EN VIGOZOO:

- O prezo total do contrato é de 33.909,55 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.082,69 euros.*
- Propón realizar unha saída ou excursión con desprazamentos en autobús discrecional por cada unha das quendas dos lotes os que se presenta.*
- Propón unha persoa con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais.*

“Adxudicar a MR. PICWICK SCHOOL, S.L o lote 8 VERÁN EN INGLÉS do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2018 (8.560-336) coas seguintes condicións:

- O prezo total do contrato é de 8.214,27 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 746,75 euros.*
- Propón realizar unha saída ou excursión con desprazamentos en autobús discrecional por cada unha das quendas dos lotes os que se presenta.*
- Non propón un incremento do nº de persoal prevista no PPT con persoal con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais:*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e cincuenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
M^a Isaura Abelairas Rodríguez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez